

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026352	IES Brión	Brión	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Brión.

O noso alumnado é heteroxéneo tanto na súa procedencia como no seu nivel económico e cultural. Contamos con alumnas e alumnos, un número cada vez menor, de procedencia rural. Contamos tamén con alumnado de familias que se asentaron en Brión como cidade-dormitorio de Santiago de Compostela onde o prezo da vivenda é máis elevado. Por último contamos con alumnado que tampouco é oriundo do concello pois as súas familias tamén buscaron a proximidade de Santiago. Porén son familias de nivel económico e cultural superior.

Hai que dicir que a maioría do noso alumnado procede do mesmo colexio o que sen dúbida actúa como elemento cohesionador. Mais as diferenzas na orixe e no nivel económico e cultural fan que máis alá do estritamente académico os coñecementos e intereses sexan moi distintos.

Esta programación impártense en 2 grupos dos cales forman parte 1ºESO A/B e d. Dentro do agrupamento de 1ºESO A/B hai un total de 26 alumnos/as e dentro de 1ºESO D hai 18 alumnos/as. As idades do alumnado están entre os 11 e os 12 anos.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A calidade de vida	Nesta unidade o alumnado comprenderá cales son os hábitos de vida saudables. Terá en conta os seus hábitos de vida e fará reflexión sobre as mellores formas de levar a cabo hábitos que melloren a súa calidade de vida	35	10	X		
2	Somos o resultado dos nosos actos	Nesta unidade o alumnado pescuda sobre a importancia de levar a cabo pequenos cambios nas nosas rutinas diarias e como podemos sentirnos mellor levando a cabo ditos cambios.	30	10		X	
3	Coidándonos	O alumnado comprenderá o que son os hábitos de vida saudable e identificándolos en situacións cotiás. Tomará conciencia da necesidade dos coidados e pescudará sobre os distintos tipos de coidados que precisamos para vivir.	35	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A calidade de vida	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a relevancia de mellorar a calidade de vida a través da adopción de hábitos de vida saudables no contexto do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar e determina os recursos e materiais necesarios para desenvolver o proxecto con éxito		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Somos o resultado dos nosos actos	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Coidándonos	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar os proxectos .	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade. Empregar linguaxe inclusiva .		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo do curso levaremos a cabo o proxecto: Coidámonos!

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adoptará un rol concreto, asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, baixo o tema Calidade de vida, o alumnado aprenderá a identificar os factores que afectan ao benestar persoal e social. Explorarán o concepto de calidade de vida dende unha perspectiva integral, abordando aspectos como a saúde física, mental e social. En grupos, analizarán casos reais ou ficticios que exemplifiquen como os hábitos diarios poden mellorar ou prexudicar a calidade de vida. Finalmente, cada grupo propondrá melloras para un caso concreto e expoñerá ao resto da clase.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, co tema Somos o resultado dos nosos actos, o alumnado reflexionará sobre como as decisións e comportamentos persoais inflúen na saúde e benestar, tanto a curto como a longo prazo. Traballando en grupos cooperativos, realizarán unha análise de situacións cotiás nas que se vexan as consecuencias de hábitos saudables ou non saudables. Cada grupo elaborará un mural ou presentación destacando a relación entre accións e consecuencias, fomentando a toma de decisións conscientes e saudables.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o tema será Coidándonos, e o alumnado abordará de forma práctica como adoptar e manter hábitos saudables no seu día a día. En grupos cooperativos, recollerán información sobre diversos hábitos de autocuidado, como a alimentación equilibrada, o exercicio físico regular, o descanso adecuado e a xestión emocional. Cada grupo elaborará unha campaña de concienciación para promover o autocuidado entre os seus compañeiros, utilizando distintos formatos (vídeos, carteis, obradoiros).

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente ás seguintes áreas:

- Lingua Castelá e Lingua Galega: Expresión oral e escrita a través da redacción de textos informativos e argumentativos sobre hábitos saudables. Comprensión da información sobre saúde e autocuidado en diversos formatos (artigos, vídeos, etc.). Presentación e defensa oral das propostas do proxecto nos dous idiomas.

- Bioloxía e Xeoloxía: Estudo do corpo humano, o seu funcionamento e os efectos dos hábitos saudables e non saudables sobre a saúde física e mental. Análise dos sistemas biolóxicos implicados na actividade física, alimentación e descanso.

- Xeografía e Historia: Análise de como os hábitos de vida saudables varían segundo diferentes culturas e épocas. Reflexión sobre o impacto histórico das pandemias ou a alimentación na saúde pública e nas sociedades.
- Matemáticas: Traballo con estatísticas relacionadas co estado de saúde da poboación, como a obesidade, a esperanza de vida, e a actividade física. Interpretación de gráficos e datos para analizar o impacto dos hábitos saudables na calidade de vida.
- Economía: Reflexión sobre o custo económico asociado a hábitos non saudables, tanto a nivel individual como social. Estudo do impacto económico dos estilos de vida e dos servizos sanitarios, así como do valor económico de prevención e promoción da saúde.
- Tecnoloxía e Dixitalización: Busca de información fiable en liña sobre hábitos de vida saudables, manexo de recursos dixitais para crear presentacións visuais atractivas, incluíndo o uso de ferramentas multimedia (vídeos, infografías, etc.).
- Educación Plástica e Visual: Deseño de pósters, infografías ou campañas visuais sobre hábitos de vida saudables, promovendo o autocuidado entre os compañeiros e compañeiras. Creación de materiais gráficos para a presentación dos resultados do proxecto.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### **Criterios de cualificación:**

Criterios de cualificación para o proxecto "Coidámonos"  
Entre os procedementos de avaliación:

- **PRIMEIRA AVALIACIÓN:** Presentación dunha proposta de mellora para a calidade de vida, baseada na análise de casos relacionados con hábitos saudables. O alumnado deberá propoñer cambios prácticos para mellorar a saúde física e mental no seu contorno próximo (por exemplo, familia, escola, comunidade).
- **SEGUNDA AVALIACIÓN:** Presentación dun mural ou análise visual sobre a relación entre os nosos actos e a súa repercusión na saúde e no benestar, utilizando datos ou exemplos de situacións cotiás. O alumnado reflexionará sobre as consecuencias das súas accións en termos de saúde a longo prazo.

- **TERCEIRA AVALIACIÓN:** Creación dunha campaña de concienciación sobre o autocuidado, utilizando diversos formatos (vídeo, póster, presentación dixital, etc.). Esta campaña deberá integrar recomendacións prácticas para adoptar hábitos de vida saudables e autocuidados no día a día.

Caderno de traballo: O alumnado deberá manter un caderno de traballo no que anotará todo o que se vai traballando ao longo do proxecto, incluíndo reflexións persoais, apuntamentos das actividades realizadas, análises de casos, e seguimento das tarefas do grupo. O caderno será revisado periodicamente e tamén cualificado ao final do proxecto.

Instrumentos de avaliación:

- Listas de cotexo e rúbricas avaliarán aspectos como:
  - O traballo cooperativo e a contribución de cada membro do grupo.
  - O desempeño dun rol concreto dentro do grupo.
  - A calidade das tarefas individuais e a súa integración no proxecto final.
  - A reflexión crítica e a elaboración de propostas fundamentadas.
  - A creatividade e o uso adecuado de ferramentas dixitais e visuais.
- Para o caderno de traballo, establecerase unha rúbrica específica que avalíe:
  - A constancia e regularidade nas anotacións.
  - A claridade e precisión na recollida de información e reflexións.
  - A capacidade de organización e seguimento do proxecto.
  - A profundidade das reflexións persoais e análise crítica dos contidos.

Criterios de cualificación:

- A cualificación final ordinaria en xuño será a media aritmética das notas das avaliacións parciais, incluíndo o caderno de traballo. Este último representará unha parte relevante da nota, reflectindo o proceso individual de aprendizaxe de cada alumno/a. A nota final combinará:

- 25% do caderno de traballo.
- 75% das tres avaliacións parciais, ponderadas igualmente.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non aplica.



## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación no 7 de abril	Camiña cara a saúde		X	
Entrevista na radio do Instituto	Difusión informativa do proxecto			X

### Observacións:

Actividade Complementaria

Data: 7 de abril (celebración do Día Mundial da Saúde)

Actividade: "Camiña cara a saúde"

Organizarase un evento no que o alumnado participe nunha xornada dedicada á promoción de hábitos saudables e á concienciación sobre a saúde. As actividades incluirán:

- Caminata ou xeira saudable: Realizarase unha camiñada ou un percorrido en bicicleta pola comunidade para fomentar a actividade física.
- Obradoiros de saúde: Levaranse a cabo diferentes obradoiros relacionados con hábitos saudables, como:
  - Alimentación equilibrada (preparación de comidas saudables).
  - Técnicas de relaxación e xestión do estrés.
  - Actividades físicas lúdicas (ioga, danza, etc.).
- Exposición e presentación de proxectos: O alumnado presentará os resultados das súas investigacións e propostas de mellora de hábitos saudables elaborados durante o proxecto. Creará un espazo onde se expoñan murais, carteis e campañas de concienciación.
  - Charlas con expertos: Invitarase a profesionais da saúde (médicos, nutricionistas, psicólogos) para dar charlas sobre a importancia de coidarse e adoptar hábitos saudables.
  - Material informativo: Distribuirase folleto ou material educativo sobre hábitos de vida saudables que os alumnos poderán levar á casa.

Esta actividade complementaria permitirá ao alumnado aplicar os coñecementos adquiridos durante o proxecto e promoverá a concienciación sobre a importancia da saúde na súa vida cotiá, implicando á comunidade escolar e familiar.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado

Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**